



BASES PARA A SELECCIÓN DUN DIRECTOR/-A DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRAS DO MIÑO-ULLA I PROMOVIDO POLO CONCELLO PORTOMARÍN.

Primeira .- Obxecto.

O obradoiro dual de emprego Terras do Miño-Ulla I configúrase como un programa experimental que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG nº 38, do 22 de febreiro de 2024) é promovido polo concello de Portomarín e participan nel como concellos asociados os concellos de Palas de Rei e Monterroso

Nestas bases establécese o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal directivo que participarán no obradoiro dual de emprego "Terras do Miño-Ulla I". A selección será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e de conformidade co disposto na orde de convocatoria.

Posto convocado: 1 posto de director/a

Segunda.- Características dos contratos de traballo

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá unha duración de nove meses e será a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Concello de Portomarín
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo **Tlfno:** 982 545 070 **email:**
serviciosociais@concellodeportomarín.es
sede electrónica: portomarín.sedelectronica.gal





Terceira- Funcións do posto de traballo

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro dual de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarse da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes.

- A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da titulación de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola ou equivalente, Enxeñeiro Agónomo/a ou equivalente e ter experiencia de 24 meses coa titulación
- En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

Quinta.- Oferta de emprego

Aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, o concello de Portomarín presentará oferta na oficina de emprego de Lugo Sur, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Portomarín, Palas de Rei e Monterroso. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número mínimo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao

Concello de Portomarín			
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo	Tlfno: 982 545 070	email:	
serviciosociais@concellodeportomarin.es			
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal			





ámbito provincial ou autonómico e en todo caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

- Número de postos 1
- Número de candidatos a remitir: 5 candidatos por posto na medida do posible.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola ou equivalente Enxeñeiro agrónomo/a ou equivalente.
- Requisitos: segundo bases

A oficina de emprego remitirá ao concello de Portomarín a relación das persoas candidatas que cumpran cos requisitos da oferta, na medida do posible, cinco por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao tribunal cualificador acompañada do anexo I de solicitude

A selección terá lugar 10:30 horas do vindeiro 27 de novembro de 2024 na Casa do Concello de Portomarín

Sexta.—Tribunal Cualificador

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas presentes na vixente lexislación.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello

Os membros do tribunal designaranse por Resolución de Alcaldía e non poderá actuar ou constituírse sen presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente/a e do secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases da convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Sétima- Procedemento de selección do director/-a

Concello de Portomarín			
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo	Tlfno: 982 545 070	email:	
serviciosociais@concellodeportomarin.es			
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal			



CONCELLO DE PORTOMARIN-LUGO



As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e nunha valoración de méritos.

A entrevista non será eliminatoria e correspóndelle ó equivalente ao 35 % da puntuación total , o 65% restante correspóndelle a valoración dos mérito (segundo o establecido no apartado b).

a) Entrevista

O tribunal de selección realizará en primeiro lugar unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas e na páxina web da entidade promotora.

b) Méritos

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, as persoas candidatas deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal cualificador.

A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

1.Experiencia profesional:

- Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros ou programas de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 3 puntos.
- Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación esixida nestas bases para o posto de traballo: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

O período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- * No caso de traballadores/as por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.
- * No caso de traballadores/as autónomo/as: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

Concello de Portomarín			
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo	Tlfno: 982 545 070	email:	
serviciosociais@concellodeportomarin.es			
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal			





2. Cursos recibidos:

- Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 0,75 puntos.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado 0.75 puntos.

3. Cursos recibidos vinculados ao posto que se oferta

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: **0,25 puntos.**

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: **0,40 puntos.**

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: **0,50 puntos.**

Puntuación máxima neste apartado 0,75 puntos

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

Oitava- Lista de aprobados

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

En caso de empate terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións se atopen en situación de desemprego. Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates, son por orden de prelación:

Concello de Portomarín			
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo	Tlfno: 982 545 070	email:	
serviciosociais@concellodeportomarin.es			
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal			





- a. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- b. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- c. 0 de maior idade.

Rematado o proceso de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspondente, a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, no modelo que se establecerá e publicará na instrución da Dirección Xeral, e a documentación xustificativa.

Novena- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa aspirante que obtivese a maior puntuación proposto polo tribunal cualificador, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarado apto para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego e aportar unha declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal cualificador propondrá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

Décima.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o concello de Portomarín no prazo de 2 hábiles a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo concello de Láncara, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo primeira.- Publicidade das bases

As presentes bases reguladoras do proceso de selección unha vez aprobadas pola entidade promotora deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e concellos asociados . No caso, de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán na oficina de emprego correspondente. Ademais serán remitidas á dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspondente.

Rematado o proceso de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego a relación das persoas seleccionadas.



CONCELLO DE PORTOMARIN-LUGO



Concello de Portomarín
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo **Tlfno:** 982 545 070 **email:**
serviciosociais@concellodeportomarin.es
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal





Anexo I

PROCESO SELECTIVO:CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Datos persoais

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tlf.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MINA RESPONSABILIDADE que toda a

Concello de Portomarín			
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo	Tlfnº: 982 545 070	email:	
serviciosociais@concellodeportomarin.es			
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal			





documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES

a) Copia do DNI ou pasaporte

b) Vida laboral

c) Estudos

d) Copia do Celga ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego)



CONCELLO DE PORTOMARIN-LUGO



ACHEGO OS SEGUINTES DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-): (Relacionar os documentos que se compañañan)

, de de 2024

DOCUMENTO ASINADO

Concello de Portomarín			
Prza. Do Camiño, nº1,27170. Portomarín-Lugo	Tlfnº: 982 545 070	email:	
serviciosociais@concellodeportomarin.es			
sede electrónica: portomarin.sedelectronica.gal			

